

Agrupa de tres en tres, mediante unha frase, os termos relacionados.

Índice de contidos:

XUÑO 2001	1	XUÑO 05	5
SETEMBRO 01	2	SETEMBRO 05	6
XUÑO 02	2	XUÑO 06	6
SETEMBRO 02	3	SETEMBRO 06	7
XUÑO 03	3	XUÑO 07	7
SETEMBRO 03	4	SETEMBRO 07	8
XUÑO 04	4	XUÑO 08	8
SETEMBRO 04	5	SETEMBRO 08	9

XUÑO 2001

Bloque 1: *ARN – Ósmose – Ribosomas – Colesterol – Bacilo - Membrana – Koch – Precursor - Fase luminosa – Hormonas – Tuberculose – Proteínas – Semipermeable – Estroma - Cloroplasto.*

- Os **ribosomas** están formados por **ARN** e **proteínas**
- O **bacilo** de **Koch** é o causante da **tuberculose**
- Os produtos da **fase luminosa** da fotosíntese atópanse no **estroma** do **cloroplasto** **ou**
- A **fase luminosa** non ten lugar no **estroma** do **cloroplasto** (*valorarase calquera das dúas*)
- O **colesterol** é o **precursor** dalgúns **hormonas**
- **Ósmose** é o paso de auga a través dunha **membrana** **semipermeable**

Bloque 2: *Schleiden e Schwann – Proteínas – Envoltura – Fermentación – Monosacárid – Teoría – Láctica - Enlaces peptídicos – ARN – Músculo – Celular – Nuclear – Poros – Aminoácidos - Ribosa.*

- **Schleiden e Schwann** propuxeron a **teoría celular**
- A **fermentación láctica** prodúcese no **músculo**
- A **ribosa** é un **monosacárido** que forma parte estrutural do **ARN**
- A **envoltura nuclear** presenta **poros**
- Os **aminoácidos** únense mediante **enlaces peptídicos** para formar **proteínas**

SETEMBRO 01

Bloque 1: *Aparato de Golgi – Clorofila – Nucleolo – Lípidos – Insaponificables – Síntese - Contracción muscular - Ácidos graxos – Vesículas – Pigmento – Miosina – Cisternas - Membrana tilacoidal – Actina - ARN ribosómico.*

- A **clorofila** é un **pigmento** que se atopa na **membrana tilacoidal**
- A **actina** e a **miosina** interveñen na **contracción muscular**
- O **Aparato de Golgi** está formado por **cisternas** e **vesículas**
- Os **lípidos insaponificables** non conteñen **ácidos graxos**
- No **nucleolo** ten lugar a **síntese** do **ARN ribosómico**

Bloque 2: *Fase lumínica – Base – Fosfolípidos – Ácido – Citoplasma – ATP – Láctica – Colesterol – NADPH – Músculo – Citocinese - Membranas celulares – División – Anfótero - Fermentación.*

- Na **fase lumínica** fórmase **ATP** e **NADPH**
- A **citocinese** é a **división** do **citoplasma**
- **Anfótero** é unha sustancia capaz de comportarse como **ácido** e como **base**
- A **fermentación láctica** prodúcese no **músculo**
- Os **fosfolípidos** e o **colesterol** son compoñentes das **membranas celulares**

XUÑO 02

Bloque 1: *Microfilamentos – ATP – Lisosomas – Triacilglicéridos - Linfocitos B – Microtúbulos - Encimas hidrolíticos - Transporte activo – Glicerol – Maduración – Citoesqueleto - Ácidos graxos – Enerxía – Orgánulos - Médula ósea.*

- **Microtúbulos** e **microfilamentos** son compoñentes do **citoesqueleto**
- O **ATP** proporciona a **enerxía** necesaria para o **transporte activo**
- Os **lisosomas** son **orgánulos** que conteñen **encimas hidrolíticos**
- Os **triacilglicéridos** están formados por **glicerol** e **ácidos graxos**
- A **maduración** dos **linfocitos B** ten lugar na **médula ósea**

FRASES

Bloque 2: *RUBISCO – Ribosomas – Fotofosforilación – Timina - Parede celular – Vexetal – Encima – Rugoso - ADN – Cíclica - Retículo endoplásmico – Celulosa – ATP - Fixación do CO₂ - Base nitroxenada.*

- A **RUBISCO** é a **encima** que cataliza a **fixación do CO₂**
- O **retículo endoplásmico rugoso** contén **ribosomas**
- A **timina** é unha **base nitroxenada** do **ADN**
- A **parede celular vexetal** contén **celulosa**
- Durante a **fotofosforilación cíclica** ten lugar á síntese de **ATP**

SETEMBRO 02

Bloque 1: *núcleo, RUBISCO, lisosomas, Oparin, VIH, síntese, CO₂, ácidas, fixación, retrovirus, hipótese, SIDA, hidrolasas, ARN, coacervados.*

- No **núcleo** ten lugar a **síntese** de **ARN**
- A encima **RUBISCO** cataliza a **fixación do CO₂**
- Os **lisosomas** conteñen **hidrolasas ácidas**
- **Oparin** estableceu a **hipótese** dos **coacervados**
- O **VIH** é un **retrovirus** causante da **SIDA**

Bloque 2: *Margulis, nucleósido, linfocitos B, fuso, anticorpos, virus, teoría, inmunidade humoral, mitótico, oncoxénicos, endosimbiótica, nucleótido, grupo fosfato, cancro, microtúbulos.*

- **Margulis** estableceu a **teoría endosimbiótica**
- Un **nucleótido** é un **nucleósido** cun **grupo fosfato**
- Os **linfocitos B** producen **anticorpos** en resposta a **inmunidade humoral**
- O **fuso mitótico** está formado por **microtúbulos**
- Os **virus oncoxénicos** provocan **cáncro**

XUÑO 03

Bloque 1: *ADN, membrana plasmática, insectos, fase luminosa, asimetría, tilacoides, fotosíntese, catión, exoesqueleto, ARN, fluidez, ión, quitina, carga positiva, transcriptasa inversa*

- Un **catión** é un **ión** con **carga positiva**
- O **exoesqueleto** de **insectos** está composto por **quitina**
- A **membrana plasmática** presenta as propiedades de **asimetría** e **fluidez**
- A **transcriptasa inversa** cataliza a síntese de **ADN** a partir de **ARN**
- A **fase luminosa** da **fotosíntese** ten lugar nos **tilacoides**

FRASES

Bloque 2: *RUBISCO, retículo endoplásmico liso, inmunoglobulinas, antibiótico, fixación, proteínas, penicilina, transporte, carbono inorgánico, síntese, pasivo, lípidos, enerxía, defensa, Fleming*

- O **transporte pasivo** ten lugar sin consumo de **enerxía**
- No **retículo endoplasmático liso** ten lugar a **síntese** de **lípidos**
- O encima **RUBISCO** cataliza a reacción de **fixación** do **carbono inorgánico**
- **Fleming** descubriu o **antibiótico penicilina**
- As **inmunoglobulinas** son **proteínas** con función de **defensa**

SETEMBRO 03

Bloque 1: *bacterias, lisosomas, insulina, obxectivo, orgánulos, cadea respiratoria, condensador, proteína, homólogos, función hormonal, mesosomas, meiose, cromosomas, microscopio, dixestión celular*

- A **insulina** é unha **proteína** con **función hormonal**
- Nas **bacterias**, a **cadea respiratoria** localízase nos **mesosomas**
- Os **lisosomas** son **orgánulos** onde se realiza a **dixestión celular**
- Na **meiose** emparéllanse os **cromosomas homólogos**
- **Obxectivo** e **condensador** son partes do **microscopio**

Bloque 2: *ARN ribosómico, fotosíntese, maltosa, cápside, ribosomas, auga, amidón, membrana semipermeable, hidrólise, cuberta proteica, osíxeno, disolvente, soluto, virus, proteínas*

- Os **ribosomas** están formados por **ARN ribosómico** e **proteínas**
- Unha **membrana semipermeable** permite o paso do **disolvente** pero non do **soluto**
- A **cápside** é a **cuberta proteica** dos **virus**
- Na **fotosíntese** consúmese **auga** e prodúcese **osíxeno**
- A **maltosa** obténse por **hidrólise** do **amidón**

XUÑO 04

Bloque 1: *VIH, fotosíntese, colesterol, replicación, disolvente, hormonas, ADN, soluto, ATP e NADPH, retrovirus, esteroideas, SIDA, semiconservativa, fase luminosa, membrana semipermeable*

- O **colesterol** é o precursor das **hormonas esteroideas**
- O **VIH** é o **retrovirus** causante da **SIDA**
- A **replicación** do **ADN** é **semiconservativa**
- Na **fase luminosa** da **fotosíntese** prodúcese **ATP e NADPH**
- Unha **membrana semipermeable** permite o paso de **disolvente** pero non de **soluto**

FRASES

Bloque 2: *ADN, cápside, catión, fase escura, lactosa, replicación, cubierta proteica, fase S, sacarosa, ion, disacáridos, fotosíntese, virus, carga positiva, fixación do CO₂*

- Na **fase S** do ciclo celular ten lugar a **replicación** do **ADN**
- Na **fase escura** da **fotosíntese** prodúcese a **fixación do CO₂**
- A **cuberta proteica** dos **virus** chámase **cápside**
- Un **catión** é un **ión** con **carga positiva**
- A **lactosa** e a **sacarosa** son **disacáridos**

SETEMBRO 04

Bloque 1: *ADN e ARN, cloroplasto, antibiótico, celulosa, grana, maduración, linfocitos T, parede celular, Fleming, vexetal, nucleótidos, timo, tilacoides, polímeros, penicilina.*

- A **maduración** dos **linfocitos T** prodúcese no **timo**
- **ADN e ARN** son **polímeros** de **nucleótidos**
- A **celulosa** é o principal compoñente da **parede celular vexetal**
- Os **grana** son as pilas de **tilacoides** dun **cloroplasto**
- **Fleming** descubriu o **antibiótico penicilina**

Bloque 2: *ADN, asimétrica, variabilidade xenética, orgánulos, plásmidos, transcripción, recombinación, fluída, vectores, dixestión celular, núcleo, membrana plasmática, clonación, lisosomas, mutación.*

- A **membrana plasmática** é **asimétrica** e **fluída**
- Os **plásmidos** empréganse como **vectores** de **clonación**
- A **transcripción** do **ADN** ten lugar no **núcleo**
- Os **lisosomas** son **orgánulos** encargados da **dixestión celular**
- A **recombinación** e a **mutación** aumentan a **variabilidade xenética**

XUÑO 05

Bloque 1: *celulosa, anticorpos, péptidos, xene, vexetal, encima, resposta humoral, reacción, locus, homopolisacárido, enerxía de activación, hidrólise, cromosoma, aminoácidos, linfocitos B.*

- A **celulosa** é un **homopolisacárido vexetal**
- Un **encima** reduce a **enerxía de activación** dunha **reacción**
- A **hidrólise** dun **péptido** produce **aminoácidos**
- A **resposta humoral** baséase na síntese de **anticorpos** polos **linfocitos B**
- O **locus** é o lugar que ocupa un **xene** nun **cromosoma**

FRASES

Bloque 2: luz, bacterias, mitocondrias, enerxía, α -D-glucosa, timo, amidón, circular, bazo, cloroplastos, ADN, linfoides, glucóxeno, fotosíntese, ATP.

- O ADN das bacterias é circular
- O bazo e o timo son órganos linfoides
- O glucóxeno e o amidón están formados por unidades de α -D-glucosa
- A luz constitúe a fonte de enerxía na fotosíntese
- Nas mitocondrias e cloroplastos sintetízase ATP

SETEMBRO 05

Bloque 1: Actina, síntese, fuso, nucleoide, mitótico, miosina, gluconeoxénese, microtúbulos, lisosomas, bacterias, dixestión, ADN, celular, glucosa, contracción muscular.

- A actina e a miosina son as proteínas responsables da contracción muscular
- Nas bacterias chámase nucleoide a rexión onde se atopa o ADN
- Os lisosomas son os responsables da dixestión celular
- A gluconeoxénese é a síntese de glucosa a partir de compostos orgánicos
- O fuso mitótico está formado por microtúbulos

Bloque 2: ATP, Meselson e Stahl, artificial, bacteriófagos, inmunoglobulinas, nucleósido, inmunidade, bacterias, anticorpos, glucoproteínas, replicación do ADN, trifosfato, vacina, virus, semiconservativa.

- Os anticorpos son un tipo de glucoproteínas chamadas inmunoglobulinas
- O ATP é un nucleósido trifosfato
- Meselson e Stahl demostraron que a replicación do ADN é semiconservativa
- Os bacteriófagos son os virus que infectan bacterias
- A vacina é un tipo de inmunidade artificial

XUÑO 06

Bloque 1: Cloroplasto, maduración, lactosa, linfocitos T, alerxia, parede celular, tilacoides, hipersensibilidade, timo, sacarosa, vexetal, celulosa, antixeno, disacáridos, grana.

- A maduración dos linfocitos T ten lugar no timo
- A lactosa e a sacarosa son disacáridos
- A alerxia é unha reacción de hipersensibilidade fronte a un antixeno
- A parede celular vexetal está formada por celulosa
- No interior dos cloroplastos os apilamentos de tilacoides forman a grana

FRASES

Bloque 2: *Dictiosomas, glucóxeno, proteínas, cadeas de ADN, membrana, antiparalelas, cisternas, tilacoides, polímeros, fotosistemas, aminoácidos, polisacárido, vesículas, reserva, complementarias.*

- Os **dictiosomas** están formados por **cisternas** e **vesículas**
- O **glucóxeno** é un **polisacárido** de **reserva**
- As **proteínas** son **polímeros** formados por **aminoácidos**
- As **cadeas de ADN** son **antiparalelas** e **complementarias**
- Os **fotosistemas** localízanse na **membrana** dos **tilacoides**

SETEMBRO 06

Bloque 1: *Meiose, vesículas, lipoproteínas, mitocondrias, colesterol, celular, lisosomas, linfocitos T, sangue, ribosomas, ADN, inmunidade, entrecruzamento, encimas hidrolíticos, recombinación.*

- Os **lisosomas** son **vesículas** que conteñen **encimas hidrolíticos**
- No **sangue** o **colesterol** transpórtase unido a **lipoproteínas**
- As **mitocondrias** posúen **ADN** e **ribosomas** propios
- Na **meiose** prodúcese **entrecruzamento** e **recombinación** xénica
- Os **linfocitos T** interveñen na **inmunidade celular**

Bloque 2: *Fosfodiéster, telómeros, monoalcohois, colesterol, metabolismo, nucleótidos, extremos, ceras, hormonas, ácidos graxos, Acetil-CoA, polinucleótidos, cromosomas, sexuais, ciclo de Krebs.*

- Os **polinucleótidos** fórmanse pola unión de **nucleótidos** mediante enlaces **fosfodiéster**
- Os **telómeros** son os **extremos** dos **cromosomas**
- No **metabolismo** o **Acetil- CoA** intervéen no **ciclo de Krebs**
- As **ceras** son ésteres de **ácidos graxos** e **monoalcohois**
- As **hormonas sexuais** fórmanse a partir do **colesterol**

XUÑO 07

Bloque 1: *código, fermentación, síntese, cloroplastos, daltonismo, ARN, dexenerado, hereditaria, glicosa, xenético, ADN, cromosoma X, ribosomas, ácido láctico, transcrición.*

- O **código xenético** é **dexenerado**
- O **ácido láctico** prodúcese por un proceso de **fermentación** a partir da **glicosa**
- Durante a **transcrición** prodúcese a **síntese** dunha molécula de **ARN**
- Os **cloroplastos** posúen **ADN** e **ribosomas** propios
- O **daltonismo** é unha característica **hereditaria** ligada ao **cromosoma X**

FRASES

Bloque 2: *retrovirus, Acetil-CoA, locus, pontes de hidróxeno, hemoglobina, metabolismo, cromosoma, hemo, ARN, interaccións, prostético, ciclo de Krebs, xene, ácido nucleico, covalentes*

- No **metabolismo** dos glúcidos o **acetil-CoA** incorpórase ao **ciclo de Krebs**
- O grupo **hemo** é o grupo **prostético** da **hemoglobina**
- Os **retrovirus** conteñen **ARN** como **ácido nucleico**
- **Locus** é o lugar que ocupa un **xene** nun **cromosoma**
- As **pontes de hidroxeno** son **interaccións** non **covalentes**

SETEMBRO 07

Bloque 1: *ARN ribosómicos, oncoxene, cetosa, AUG, nucléolo, pigmento, iniciación, síntese, monosacárido, xene, fotosíntese, cancro, codón, cetónico, clorofila.*

- O **AUG** é o **codón** de **iniciación** na **síntese** de proteínas
- **Cetosa** é un **monosacárido** cun grupo **cetónico**
- A **clorofila** é un **pigmento** da **fotosíntese**
- O **oncoxene** é un **xene** responsable da produción de **cancro**
- A **síntese** de **ARN ribosómicos** ten lugar no **nucleolo**

Bloque 2: *ARN transferente, fosfolípidos, NADPH, bicapa, tripletes, lípidos, fotosíntese, lipídica, sacarosa, auga, síntese, lactosa, disacáridos, retículo endoplásmico liso, anticodóns.*

- Os **anticodóns** son **tripletes** de bases que se atopan no **ARN transferente**
- Os **fosfolípidos** forman parte da **bicapa lipídica**
- A **sacarosa** e a **lactosa** son **disacáridos**
- Na **fotosíntese** prodúcese a fotólise da **auga** e xérase **NADPH**
- A **síntese** de **lípidos** ten lugar no **retículo endoplasmático liso**

XUÑO 08

Bloque 1: *Fuso, tradución, acromático, síntese, ARN mensaxeiro, reaccións, extracomosómico, microtúbulos, plásmidos, peroxisomas, ribosomas, ADN, catalasas, anabólicas, oxidasas*

- O **fuso acromático** está formado por **microtúbulos**
- Os **peroxisomas** conteñen enzimas **oxidasas** como as **catalasas**
- Nos **ribosomas** ten lugar a **tradución** do **ARN mensaxeiro**
- As **reaccións anabólicas** son reaccións de **síntese**
- Os **plásmidos** son fragmentos **extracromosómicos** de **ADN**

FRASES

Bloque 2: *Retardada, replicación, enzimas, ADN, fotosíntese, Okazaki, colesterol, ADN polimerasas, cromatina, sexuais, luz, cadea, histonas, enerxía, hormonas.*

- A **fotosíntese** utiliza a **enerxía** da **luz**
- A **cromatina** está formada por **ADN** xunto con **histonas**
- O **colesterol** é un precursor das **hormonas sexuais**
- Na **replicación** interveñen as **enzimas ADN polimerasas**
- A **cadea retardada** está formada polos fragmentos de **Okazaki**

SETEMBRO 08

Bloque 1: *esteroides, Krebs, anabólicas, parede, linfocitos T, insaponificables, mitocondrias, ósea, celulosa, Acetil-CoA, síntese, timo, vexetal, lípidos, reaccións.*

- Os **esteroides** son **lípidos insaponificables**
- Os **linfocitos T** fórmanse na medula **ósea** e maduran no **timo**
- A **parede** da célula **vexetal** está formada por **celulosa**
- As reaccións **anabólicas** son **reaccións** de **síntese**
- O **acetil CoA** intervéen no ciclo de **Krebs** nas **mitocondrias**

Bloque 2: *xene, hidrólise, vectores, citoesqueleto, control, rexións, plásmidos, hialoplasma, xenética, hormonas, ATP, intróns, filamentos, xénica, enerxía*

- A **hidrólise** do **ATP** libera **enerxía**
- Os **plásmidos** son **vectores** utilizados en enxeñaría **xenética**
- Os **intróns** son **rexións** non codificantes dun **xene**
- Algunhas **hormonas** interveñen no **control** da expresión **xénica**
- No **hialoplasma** atópanse os **filamentos** do **citoesqueleto**